



Concello de Vigo

D. CARLOS LÓPEZ FONT, CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **8 de agosto de 2013**, adoptou o seguinte acordo:

21.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA REVISIÓN DO MAPA ESTRATÉXICO DE RUÍDOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9387/306.

De conformidade co informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 1.08.13, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente e Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente a REVISIÓN, ACTUALIZACIÓN, DO MAPA ESTRATÉXICO DE RUÍDO DA CIDADE DE VIGO, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 10 de marzo de 2008, cuxo proxecto de revisión de decembro de 2012 foi redactado por Universidade de Vigo: Sonitum e a entidade Sonen, Centro de Acústica e Servicios de Telecomunicacións, S.L., por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na L.37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (exp. Nº 9387/306). Nos aspectos non revisados deben considerarse vixentes a tódolos efectos os contidos do mapa estratéxico de ruído aprobado no ano 2008.

SEGUNDO: Remitir este acordo e a documentación da revisión en formato dixital (por triplicado) á Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia para o posterior envío ó Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e á Comisión Europea, de acordo co previsto na Disposición adicional oitava da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído e artigo 14 do Rd 1513/2005, de 16 de decembro.

TERCEIRO: Comunicar este acordo aos Servizos Municipais interesados, Área de Seguridade, Área de Fomento, Xerencia de Urbanismo e a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

CUARTO: Publicar este acordo de aprobación definitiva no BOP de Pontevedra e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Vigo para xeral coñecemento ao abeiro do establecido no artigo 59.6.a) e 60.1. "in fine" da LRXAP-PAC, e informar aos interesados que contra o presente acordo, poderán interpoñer o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a contar desde o seguinte ó da súa publicación ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contado, tamén, desde o día seguinte ao da publicación.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a doce de agosto do ano dous mil trece.



V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.